ACTA DE PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DA PERSOA TITULAR DA PRESIDENCIA E DOS MEMBROS ELECTOS DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

Data: 16 de novembro de 2026
Hora: 11:00 horas
Modalidade: Reunión presencial

FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA
XUNTA ELECTORAL

En A Coruña, sendo as 11:00 horas do día 16 de novembro de 2026, reúnese a Xunta Electoral da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, coa asistencia das seguintes persoas:

- D. Daniel Arcas Gosende, Presidente.
- D. Alejandro Santiago Ramos, Secretario.
- D.ª Sabela Peromingos Marcos, Vogal.

Actúa como Secretario da sesión D. Alejandro Santiago Ramos, quen redacta a presente acta.

EXPÓN

Primeiro. Que, de conformidade co calendario electoral aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte e co Regulamento Electoral da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, desenvolveuse o proceso electoral para a elección da Presidencia da Federación e dos membros da Comisión Delegada.

Segundo. Que, finalizado o prazo de presentación de candidaturas á Presidencia, foi presentada unha única candidatura, correspondente a **D.ª Nuria Rodríguez Suárez**, que foi proclamada provisionalmente por esta Xunta Electoral, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa electoral vixente.

Terceiro. Que, no relativo á elección dos membros da Comisión Delegada, e unha vez examinadas as candidaturas presentadas, constan as seguintes:

Representación das entidades deportivas:

- Club Salvamento Arteixo (SALVAR).
- Club Salvamento e Socorrismo Carballo (SYSCA).

Representación dos demais estamentos:

- D.ª Verónica Naya Rama, polo estamento de xuíces e xuízas.
- D. David Lista Facal, polo estamento de deportistas.

Que, ao coincidir o número de candidaturas presentadas co número de postos que deben cubrirse en cada unha das representacións, a Xunta Electoral acordou a súa proclamación como membros electos da Comisión Delegada, sen necesidade de realizar votación.

Cuarto. Que, transcorrido o prazo regulamentariamente establecido para a presentación de reclamacións e recursos contra as proclamacións provisionais da candidatura á Presidencia e das candidaturas á Comisión Delegada, e non constando reclamacións nin recursos pendentes de resolución, procede elevar as proclamacións a definitivas.

Quinto. Que, de conformidade co disposto no Regulamento Electoral da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, ao existir unha única candidatura á Presidencia non foi necesaria a celebración de votación para este cargo, así como tampouco para a elección dos membros da Comisión Delegada nos termos anteriormente expostos.

ACORDA

Primeiro. Proclamar definitivamente como Presidenta da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia a:

D.ª NURIA RODRÍGUEZ SUÁREZ

para o mandato correspondente ao período 2026-2030, consonte ao establecido na normativa electoral vixente.

Segundo. Proclamar definitivamente como membros electos da Comisión Delegada da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia as seguintes candidaturas:

En representación das entidades deportivas:

- Club Salvamento Arteixo (SALVAR).
- Club Salvamento e Socorrismo Carballo (SYSCA).

En representación dos demais estamentos:

- D.ª Verónica Naya Rama, polo estamento de xuíces e xuízas.
- D. David Lista Facal, polo estamento de deportistas.

Terceiro. Facer constar que, de conformidade co artigo 25.2 do Regulamento Electoral, as dúas prazas restantes da Comisión Delegada serán designadas pola persoa titular da Presidencia da Federación no prazo dos dez días hábiles seguintes á súa toma de posesión.

Cuarto. Dispoñer a publicación da presente proclamación definitiva nos medios oficiais da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia e a súa comunicación á Secretaría Xeral para o Deporte para os efectos oportunos.

Quinto. Facer constar que a toma de posesión da Presidenta electa producirase de conformidade co calendario electoral aprobado e coas disposicións establecidas no Regulamento Electoral da Federación, momento no que quedarán constituídos os órganos de goberno correspondentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as 12:00 horas do día anteriormente indicado.

En A Coruña a 16 de novembro de 2026.

E para que así conste, asinan

O Presidente
D. Daniel Arcas Gosende

Asdo.: _____

O Secretario
D. Alejandro Santiago Ramos

Asdo.: _____

A Vogal
Dª. Sabela Peromingos Marcos

Asdo.: _____